



## Reseña

Soley Beltrán, P. (2015). *¡Divinas! Modelos, poder y mentiras*.

Madrid: Editorial Anagrama.

Estefanía Tarrío Maneiro

Recibido: 01/07/2016

Aceitado: 10/10/2016

Coma se fose un truco de maxia no que se separan os corpos das propias persoas, Patrícia Soley-Beltrán nos describe a súa experiencia persoal da moda a través do ensaio *¡Divinas! Modelos, poder y mentiras*; e é que na *maxia da moda*, o corpo sepárase da propia persoa, xa que este é empregado como ferramenta - e polo tanto, obxectualízase e cosifícase -. A través da combinación do ensaio e a autobiografía, esta autora tenta desmitificar o mundo da moda dende a súa experiencia particular, á vez que toma prestadas referencias bibliográficas de diversas disciplinas que compoñen as ciencias sociais. Así, a súa análise - centrada nos estudos culturais e na socioloxía do xénero - alude á colonización do corpo por parte de da industria da imaxe, transmitida como un *todo cultural*.

Unha das principais carencias que poden atoparse no ensaio son as escasas referencias aos teóricos da socioloxía; o feito de que non se profunde en autores como Weber ou Bourdieu, restan capacidade analítica dende a perspectiva da socioloxía sobre a que esta obra se erixe. Malia si é certo que a autora emprega a sociólogos posmodernos, autores *clásicos* como Lipovetsky, Veblen, Maffesoli ou Simmel, non son referenciados (malia que si poderían ser unha grande ferramenta para a consolidación do marco teórico e o vencellamento entre o clásico e o contemporáneo); tal feito contribúe a sinalar unhas referencias literarias enfocadas na socioloxía que gozan de certa subxectividade; se isto se

Estefanía Tarrío Maneiro é estudante do grao de Socioloxía na Universidade da Coruña (A Coruña, España). Correo electrónico: [estefania.tarrío.maneiro@udc.es](mailto:estefania.tarrío.maneiro@udc.es).

**Cómo citar este artigo:** Tarrío Maneiro, E. (2016). Reseña do libro de Patricia Soley Beltrán "*¡Divinas! Modelos, poder y mentiras*". *Atlánticas. Revista Internacional de Estudios Feministas*, 1 (1), 279-284. doi: <http://dx.doi.org/10.17979/arief.2016.1.1.1512>

vincula á experiencia autobiográfica – nun mundo (tal e como é o da moda) cuxas portas son habitualmente pechadas, e, polo tanto, non existe refutabilidade – remata por xerarse certa parcialidade teórica.

O selo da posmodernidade plásmase tamén nas múltiples referencias á socioloxía do xénero; a elección da controvertida autora Judy Butler condiciona a construción do discurso sobre a identidade binaria do xénero e sobre todo, nesa perspicaz análise sobre a *androxinia*. É así como se debe entender o posicionamento da autora en torno á construción da identidade; sexo, xénero e sexualidade son unha construción social e cultural.

Debido á composición multiparadigmática da sociedade, atópanse certas dificultades para que os colectivos sociais teñan liñas ideolóxicas de pensamento similares dentro do mesmo: non soe existir a homoxeneidade. Deste modo, feitos tales como describir a figura da *flapper* con determinados estilos de vida que rozan a ideoloxía ácrata e se afastan da loita emancipadora, suprimen a diversidade social intrínseca que compón dito fenómeno *social*. Porén, non pode restarse a importancia deste movemento na consecución das liberdades das mulleres<sup>1</sup> a través do empoderamento persoal, tal e como sinalaba Kate Millet<sup>2</sup>. Non é, pois, o feminismo, un movemento teórico e social que xurdiu a partir da burguesía? Importa, neste caso, a clase social por enriba da transgresión da normatividade e os estereotipos femininos da época? As mulleres obreiras tardaron en unirse á loita polas demandas que o sistema capitalista exercera sobre elas. Isto tampouco resta importancia á afirmación que a autora designa sobre a *cosificación* que era realizada ao corpo das *flapper*, posto que na actualidade segue existindo unha dominación estrutural sobre as mulleres, mais o que non se pode negar era o carácter *axente* destas peculiares mulleres dos anos vinte do pasado século e o seu papel esencial no imaxinario colectivo de xénero.

---

1 Cornas, A. (2015). Los ilustradores franceses diseñan a la nueva mujer delos locos años 20. La idealización de las flappers. En *Atticus*, 27, 40-52. Recuperado de: <http://revistaatticus.es/2015/03/09/revista-atticus-27>

2 Millet, K. (2010). *Política sexual*. Valencia: Cátedra.

Unha das idiosincráticas características do ensaio son esas *fórmulas* reiterativas que a autora emprega para conectar as teorías dos estudos culturais coa praxe e a experiencia persoal. Ditas reiteracións serven, por unha parte, para resaltar e subliñar os elementos discursivos importantes; mais, por outra, semellan ser meras estrataxemas da autora para unir e retocar fragmentos dos textos que non teñen tipo de relación algún e se amosan inconexos.

Mais non tódalas críticas ao ensaio son negativas, posto que se dita novela gañou o premio anagrama, débese a grandes puntos fortes; entre eles, pode destacarse a asequible linguaxe coa que está redactado. Outra das bondades deste libro presénciase na básica – pero potente – análise cultural á industria da moda; entre outras afirmacións, a autora céntrase na análise do corpo das modelos como referente cultural, como un *espellismo* dunha España cuxos valores estéticos imperantes son cada vez máis agresivos coas esixencias persoais. Pero incluso nesta bondade áchanse certos defectos por parte da autora; contrariamente a como se analizou no libro, Soley-Beltrán amosa – a través de entrevistas que concedeu a programas de radio e televisión – certas incongruencias teóricas. Das máis importantes e chamativas a destacar, pode sinalarse na que, tras falar da construción do corpo como representación da identidade (é dicir, da influencia social e da modelación segundo unha serie de filtros sociais e normas morais imperantes), non dubida en etiquetar – unha vez a presentadora do programa lle realiza dita cuestión – á anorexia coma unha *patoloxía*, cando o común - xa que se decantou pola liña construtivista da desviación – sería seguir por esta, mais non dubida en designala como *enfermidade*. En vez de posicionarse teoricamente sobre a reacción social da anorexia - *como se constrúe a anorexia e ás persoas anoréxicas* – esta sinálase como un feito provocado polo determinismo biolóxico individual, o cal segue a liña da análise causal que é realizada pola corrente *positivista*. Se seguísemos a unha das referencias clave que a autora sinala, Mary Douglas<sup>4</sup>, non pode considerarse, pois, a anorexia coma un *rito de paso* para a aceptación persoal en

---

3 Hispasat (8 de xuño 2015). *La estética y la belleza en el mundo de la moda ¿poder y mentiras?* [Programa de televisión], *Para todos*: La 2, RTVE. <http://www.rtve.es/alacarta/videos/para-todos-la-2/para-todos-2-entrevista-patricia-soley-beltran/3160067/>

4 Douglas, A. (1997). *La función simbólica de los ritos: rituales y simbolismo en el Mediterráneo*. Barcelona: Icaria.

certos grupos sociais máis ca catalogarse coma unha simple decisión con grande carga de determinismo bioloxicista? Como é que, tratando de analizar tal e como se constrúe a etiqueta de *modelo* – de por si minoritaria, dada a súa mermada visibilidade – a autora, en vez de sinalar unha teoría similar á construción da etiqueta de desviada ou desviado – a partir de autores tales como Becker<sup>5</sup> – se centre no determinismo biolóxico que é posteriormente patoloxizado, tratado e medicalizado? Non se podería dicir, pois, que é habitual o descontento co corpo e o autocontrol exercido para poder modificar os rasgos que non son socialmente normativos?

Outro dos elementos que cabe salientar son os vinte anos de investigación de Patrícia Soley-Beltrán no referente a dita temática. Segundo esta, na actualidade, o *culto ao corpo* e as actividades que se desencadean para obter dito fin son cada vez máis agresivas. As modelos – cuxa función básica a desempeñar é a de *percha* gozan cada vez dunha maior delgadeza, á vez que comezan a saír máis *contramodelos*, que habitualmente predispoñen unha tallaxe que non se atinxe aos convencionalismos. Estas curvas impiden dous feitos básicos neste modelo industrial sobre o que a moda está enfocada; a perpetuación da produtividade da industria da moda - xa que mantendo os cánones estéticos existe un menor gasto de patróns de tela, e, polo tanto, existe unha maior produción - ; e a desviación da atención cara a propia indumentaria.

A autora alude así a diversas etapas que compuxeron e compoñen o fenómeno da moda, destacando como elemento idiosincrático, a pendularidade dos estilos. Deste modo, tal e como ocorre con estes literarios e artísticos, a moda sempre ten elementos cíclicos; a *androxinia* (tan citada na obra) é un dos recursos que na actualidade máis se demandan. Deste modo, dende a figura das *flappers* ata certas reminiscencias do estilo *garçon* – que se pode visualizar a través dos complementos empregados polos varóns, zapatos baixos, camisas e traxes de pinzas – son elementos compositores da moda actual, os cales son referenciais para indicar en moitos casos de que modo poden seguir existindo perpetuacións de estereotipos a través dos claros binarismos de xénero.

---

5 Becker, H. (2009). *Outsiders*. Bos Aires: Siglo XXI

Das relacións máis importantes que a autora extrae sobre a moda é a vinculación que esta ten, dende a súa orixe, coa relixión á vez que coa industria cultural. Tal e como se fose unha secta relixiosa de difícil acceso, existe un secretismo por parte dos *gurús* que impide a información desa nova tempada que será dada a coñecer case un ano despois de idearse. Malia centrarse na sacralización do corpo e as reminiscencias que a moda ten sobre a institución relixiosa, Soley-Beltrán pasa de longo a narración clásica da historia da moda e – entre outros acontecementos – a súa orixe a través da morte<sup>6</sup>; é dicir, foron os traxes de loito negros os que comezaron a xerminar un fenómeno que segue coa mesma forza – incluso maior – no pleno Século XXI. Dita referencia ten grande relación coas temáticas tratadas na obra, posto que a *eterna xuventude* é o a mensaxe subliminal mediante o cal a estética se erixe como solución ás consecuencias entorno ao paso do tempo; a enfermidade e a morte son as máis habituais. Outra das *pasadas de longo* da autora é a falta de explicacións entre os diversos segmentos sociais que compoñen a moda – máis aló do sistema da indumentaria, de confección obreira –; existen tamén unha serie de categorías intermedias (como por exemplo os *pret-à-porter*) que servirían para revisar a influencia da estrutura social na moda máis profundamente.

A modo de conclusión, cabe destacar que dita obra é necesaria, posto que se precisa unha *chamada de atención* sobre o abuso que a industria da moda comete sobre a grande parte das modelos, así como da extensa análise que se realiza sobre o *teito de cristal* existente neste oficio para a maior parte de mulleres. Tal e como se puido comprobar, téndense a empregar *valores subterráneos*, esaxerando o habitual; é o caso, por exemplo, das *grunge girl* dos anos noventa. Iconizado pola modelo Kate Moss, represéntase un estilo musical de grande calado nos sectores xóvenes da sociedade (polo que dita enumeración redunda no mito da *eterna xuventude*). Mais a moda en si é un cúmulo de *valores subterráneos*, enquistados na sociedade: entre outros, pódense destacar a sobresexualización das mulleres (e violencia cara estas a través do emprego de ferramentas coas que é mais sinxela a submisión), ou a explotación infantil. Tamén cabe sinalar a

---

6 Saulquin, S. (2012). *La muerte de la moda, el día después*. Arxentina: Paidós.

valiosa aportación a través da autobiografía nunha profesión de tal pechado social que ás veces, asusta. Deste modo, non pode negarse a validez como un híbrido entre ensaio e divulgación que, a fin de contas, contribúe a espallar información a grupos e estratos sociais moi diversos. Obras coma esta, desmitifican a visión xerada nos mass media sobre a *maxia* da moda e a *capa da invisibilidade* que empregan as industrias para anonimizar e silenciar as reaccións sociais que podería desencadear escándalos polo inhumano trato que estas reciben; en definitiva, o prezo a pagar por ser un *manequín* é a palabra na súa dimensión máis humana.

## BIBLIOGRAFÍA

- Becker, H. (2009): *Outsiders*. Bos Aires: Siglo XXI
- Cornas, A. (2015). Los ilustradores franceses diseñan a la nueva mujer de los locos años 20. La idealización de las flappers. En *Atticus*, 27, 40-52. Recuperado de: <http://revistaatticus.es/2015/03/09/revista-atticus-27>
- Douglas, A. (1997). *La función simbólica de los ritos: rituales y simbolismo en el Mediterráneo*. Barcelona: Icaria.
- Hispasat. (8 de xuño 2015). *La estética y la belleza en el mundo de la moda ¿poder y mentiras?* [Programa de televisión], *Para todos: La 2*, RTVE. <http://www.rtve.es/alacarta/videos/para-todos-la-2/para-todos-2-entrevista-patricia-soley-beltran/3160067/>
- Millet, K. (2010). *Política sexual*. Valencia: Cátedra.
- Saulquin, S. (2012). *La muerte de la moda, el día después*. Arxentina: Paidós.